



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Requirimento de documentación á candidata proposta e aprobación bolsa de traballo/lista de reserva. Proceso selectivo dun/ha funcionario/a interino/a, bibliotecario-arquiveiro para a substitución transitoria do titular da praza e creación de bolsa de traballo /lista de reserva, a través do sistema de concurso-oposición.

Núm. Admvo. Expte.: 2023/E001/000015

Expte. Decreto Núm.: 2024/G003/000340

Visto o expediente que se tramita para a selección dun/ha funcionario/a interino/a, bibliotecario-arquiveiro para a substitución transitoria do titular da praza e creación de bolsa de traballo /lista de reserva, a través do sistema de concurso-oposición, segundo as bases de selección que foron aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 899/2023, de 6 de novembro de 2023.

Vista a acta do tribunal cualificador, publicada no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal con data do 03/05/2024, respecto da relación definitiva de persoas aprobadas por orde de puntuación, na que a persoa aspirante proposta é Miriam Alonso Domínguez, con DNI núm. ***9891** por ser a aspirante que acadou maior puntuación neste proceso selectivo; na que se establece tamén a bolsa de traballo/lista de reserva por orde de puntuación.

Visto o escrito presentado por Borja Arias Mas, con data do 06/05/2024 (RE núm. 202499900000352) no que solicita que se lle valora a bolsa de formación en materia de arquivos que presentou xunto coa documentación de solicitude, tal e como se lle valorou a outros participantes.

Con respecto a esta solicitude cómpre realizar as seguintes aclaracións:

- Non cabe presentar alegación nesta fase do proceso selectivo posto que o prazo de presentación de alegacións xa rematou e éstas xa foron resoltas polo tribunal.
- Nembargantes, o tribunal acordou considerar as bolsas de formación como unha acción formativa práctica e polo tanto valorar as mesmas, sempre e cando se puidera establecer unha valoración de acordo coas bases de selección. Así, o tribunal non valorou, en ningún caso, as bolsas de formación nas que nos documentos acreditativos destes méritos non constara a duración expresada en horas, tal e como se recolle no apartado 2.1 da base octava *“Nos documentos que se aporten en acreditación destes méritos académicos debe constar a duración expresada en horas.”*

De conformidade co artigo 21.1.h) da lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e o artigo 7 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local,

esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro- Inadmitir a alegación presentada por Borja Arias Mas, con data do 06/05/2024, por extemporánea.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Segundo. Requirir á candidata proposta, **Miriam Alonso Domínguez, con DNI núm. ***9891****, para que no prazo de cinco días naturais a contar desde esta publicación, achegue a documentación establecida na base décima a fin de acreditar que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carece dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas, non poderá ser nomeado/a como funcionario/a interino/a, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade na súa solicitude de participación.

Terceiro. Aprobar a bolsa de traballo/lista de reserva por orde de puntuación, que queda establecida como segue:

Nº	NOME E APELIDOS	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL (MÁX. 6 PTOS)	FORMACIÓN (MÁX. 5 PTOS)			TOTAL FASE CONCURSO	EXAME TIPO TEST	PUNTUACIÓN TOTAL
				CURSOS, XORNADAS SEMINARIOS (MÁX. 2 PTOS)	FORMACIÓN ACADÉMICA/MASTER (MÁX. 2 PTOS)	LING ADMVA. (MÁX. 1 PTO)			
1	Alonso Dominguez, Miriam	***9891**	2,21	2,00	0,50	0,75	5,46	16,50	21,96
2	Rodo Calvo, Sara	***4392**	0	0,80	0,50	0	1,30	17,00	18,30
3	Arias Mas, Borja	***5617**	0	1,80	0	0	1,80	16,50	18,30
4	López Miragaya, Beatriz Eugenia	***5872**	0	0,40	0,50	0	0,90	15,50	16,40
5	Eiroa Pose, Ángel	***2205**	0	2,00	0	0,75	2,75	13,50	16,25
6	González Peteiro, Iván	***3576**	0	0,40	0	0	0,40	15,50	15,90
7	Rivas Blanco, David	***9213**	0	0,40	0	0	0,40	15,50	15,90
8	López Varela, Mariña	***3830**	0	0	0	0	0	14,50	14,50
9	Iglesias Saavedra, Carmen	***4182**	0	0	0	0	0	14,50	14,50
10	García Martínez, Lucía	***4769**	0	0	0,50	0	0,50	13,50	14,00
11	Terzado López, Cristina	***9258**	2,72	0,20	0	0	2,92	11,00	13,92
12	Bouza Cousillas, Rosalía	***0433**	0	1,40	0	0	1,40	10,50	11,90
13	Galán Otero, Carolina	***4639**	0	0	0	0	0	11,00	11,00
14	Alonso Rodríguez, Paula	***7648**	0	0	0	0	0	10,50	10,50

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

15	Castro Rodríguez, Sonia María	***9860 ***	0	0	0	0	0	10,00	10,00
----	----------------------------------	----------------	---	---	---	---	---	-------	-------

Cuarto. Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Quinto. Emitir certificado deste acordo e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Mándao e asíno, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o Alcalde, D. Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora, dou fe.

O Alcalde,

Asdo. Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora,

Asdo. Begoña Carrasco García